

Moitas grazas, Saladina

Foi no ano 1994 cando unha relixiosa de pro, Saladina, escoitou unha chamada para vir a San Román de Lousada, en Samos, respondendo afirmativamente xunto as irmás franciscanas Inés e Adela, á proposta que lles fixeron na congregación: integrarse nun equipo para levar a cabo un proxecto de **misión compartida**.

A súa dispoñibilidade ratificada cun “**Si**” posibilitou a chegada e posterior presenza continuada da Comunidade de Relixiosas Franciscanas da Nai do Divino Pastor, en Lousada. Unha bendición. Todo un agasallo de Deus que a través da entrega xenerosa e gratuíta de quen se consagrou ao seu servizo, nos amosa a súa tenrura e o seu amor. Unha presenza sinxela e humilde a imaxe de San Francisco, que auguraba desde o inicio ser fermento do Evanxeo neste fermoso recuncho da nosa terra e da nosa igrexa diocesana.

Resultoulle fácil a Saladina integrarse nesta realidade. Dende o primeiro día deixou entrever que se sentía na súa casa e, por suposto, na súa terra.

A súa sinxeleza e xenerosidade, a súa nobreza, a súa actitude de servizo e a súa “alma galega”, conquistaron moi pronto a confianza de todos, nenos e maiores. Os máis novos non tardaron en descubrir na

inocencia e bondade de Saladina, unha porta aberta aos seus intereses. Un imán os atraía onda ela de tal xeito que, tanto no colexio, como na catequese, nas convivencias ou nos campamentos, todos desexaban a súa presenza, xa que ela era a súa confidente, a súa amiga e a súa intercesora. Todos sabemos que Saladina sabía responder moi ben a todo isto.

A vida está chea de fermosos detalles nos que manifestamos bos sentimentos e acertadas opcións, que non deben ser obrigacións ou cumprimentos, senón un vivir de forma natural co pensamento posto nos demais, procurando en primeiro lugar a felicidade dos outros. Neste senso, Saladina foi **unha bendición de Deus**, xa que compartiu connosco os froitos da súa fe. Unha fe que acolle, que anima, que consola, que escoita, que acompaña...

O día 27 de novembro de 2024, Saladina con moita paz deixaba este mundo para entrar na Casa do Pai. Confiamos que goce ao carón de Deus noso Señor por toda a eternidade.

Loamos ao noso Señor, por tantas grazas derramadas sobre nós a través de Saladina e da Comunidade das Irmás Franciscanas de Lousada.

Sempre no noso corazón, Saladina

*Grazas e loado sexas, meu Señor,
pola irmá SALADINA*



Descansa en Paz

Lousada, 15 febreiro 2025

Saúdo

Bo día e benvidos todos a esta celebración de fe e de amor, na que facemos memoria agradecida e confiada da nosa irmá Saladina.

Memoria agradecida porque agradecemos ó Señor a bendición que para todos nós foi Saladina, o amor que ela nos amosou a través de xestos tan sinxelos como son a acollida, a escoita, o consolo, a súa compañía. Loamos a Deus que a chamou e lle concedeu o Don do seu Espírito para ser a súa testemuña, e pola fidelidade dela a esa chamada.

Memoria confiada porque confiamos que o Deus Pai que a acolleu no bautismo, coma “filla benquerida” e que despois a chamou a ser a súa “amiga e discípula” lle conceda agora gozar da plenitude da vida ao seu carón. Esta fe aléntanos e fortalécenos na esperanza de que o Señor non nos abandona senón que vive e camiña connosco.

Canto de entrada: Unha xuntanza

1. Unha xuntanza de amor temos aquí, (bis)
pois precisamos que ti nos queiras,
que ti nos fales, connosco vivas. (bis)
2. Mentres na terra, Señor, exista dor, (bis)
nós non podemos vivir alleos
ó sufrimento de quen padece. (bis)
3. Cando o triunfo do irmán faino feliz, (bis)
nós compartimos con el o gozo,
a súa ledicia, a súa sorte. (bis)
4. Pasa por isto, Señor, a nosa fe, (bis)
vivir a fondo o amor fraterno,
preto da vida, da vida enteira. (bis)

Pedimos perdón

Ten piedade, Señor,
Ten piedade de nós,
Ten piedade, Señor

Cristo, ten compaisón
dos que en ti confiamos
sanda o noso pecado
e dáno-la salvación

Ten piedade, Señor,
Ten piedade de nós,
ten piedade, Señor.

Lectura da carta do apóstolo San Paulo ós Efesios 1, 3-5

¡Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesucristo,
Que por medio de Cristo nos bendeciu no ceo
Con toda clase de bendicións do Espírito!
Porque nos escolleu antes da formación do mundo,
Para que fósemos santos
E sen mancha perante El polo amor.
E decidiu xa daquela profillarnos para El,
Por medio de Xesucristo,
Conforme o designio da súa vontade.

Palabra do Señor

Canto: Ilumíname, Señor, con tu Espírito

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 11, 25-30

Naquel tempo dixo Xesús:

“Bendito sexas, meu Pai, Señor do Ceo e da terra, porque escondécheslles estas cousas ós sabios e ós prudentes e revelácheslles á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así.

Meu Pai fíxome coñecer tódalas cousas e ninguén coñece ó Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas almas: porque o meu xugo é levadeiro e a niña carga leviá.”

Palabra do Señor

Oración Universal

1.- Confiámosche, Deus da Paz, a tódolos homes e mulleres do mundo enteiro, que poidan vivir en paz, con esperanza e confianza ante o futuro. **Oremos**

Pai, en ti confiamos

2.- Confiámosche, Deus noso Pai, a tódolos cristiáns, que vivamos con autenticidade, con xenerosidade e con alegría a nosa fe. **Oremos**

Pai, en ti confiamos

3.- Confiámosche, Deus Amigo, as nosas vidas, ós nosos familiares, amigos e veciños, fortalécenos na fe e na esperanza e axúdanos a ser testemuñas do teu amor no mundo. **Oremos**

Pai, en ti confiamos

4.- Confiámosche, Deus da Vida, á nosa irmá Saladina e a tódolos defuntos da súa familia, ós nosos familiares, amigos e veciños, acólleos no teu Reino e gocen da plenitude do teu amor. **Oremos**

Pai, en ti confiamos

5.- Confiámosche, Deus do Consolo, a tódalas persoas que sofren a consecuencia da enfermidade, violencia, soedade ou pola morte dos seus seres queridos... **Oremos**

Pai, en ti confiamos

6.- Confiámosche, Deus do Amor, a toda a Familia Franciscana, que sostidos e alentados polo teu Espírito sigan a ser unha bendición para todos. **Oremos**

Pai, en ti confiamos